

Circular Maio 2017

2017-04-26

DECLARACIÓN DA RENDA DO EXERCICIO 2.016

—

Durante o mes de abril empezou a campaña da Renda do ano 2.016, sobre todo, aqueles que reciban o borrador da AEAT, os contribuintes que teñen actividades económicas, empresariais ou profesionais e que sexan nosos clientes xa temos nós os datos. Si realizaron outro tipo de operación deben de ir recapitulando a documentación para enviarnola, xa que estas declaracións realizaranse durante os meses de maio e xuño do 2.017.

ENVIO DE LIBROS AO REXISTRO MERCANTIL DAS SOCIEDADES

Durante o mes de abril envíanse telemáticamente os libros das sociedades mercantís ao rexistro para cumprir coa obriga do seu dilixenciado.

Os libros son os das Contas Anuais, Actas e Socios, neste último caso, si houbo algunha variación ao longo do 2.016. O rexistro cobra unas taxas según os libros que se presenten, éstas son aboadas por nós que logo pasamos na factura dos nosos servizos, especificando claramente que se trata destas taxas motivo polo que se ve incrementada a factura de abril, maio ou xuño, dependendo cando sexan cargadas polo rexistro, nós pasamolas no seguinte mes.

CONTAS ANUAIS 2.016

En canto as Contas Anuais do 2.016 deben de depositarse no rexistro no prazo dos 30 días dende a aprobación en Xunta Xeral , que normalmente sempre se

celebra sobre o 30 de xuño, e polo tanto terían que depositarse antes do 30 de xullo.

Esta xestión tamén vai traer a liquidación dunhas taxas que nos liquidamos e que posteriormente pasamos por factura nos meses seguintes.

ENVIO DE DOCUMENTOS

Enviamos informe laboral correspondente ao 1º T do exercicio 2017.

—

Sen outro particular, aproveitamos para enviarlles un saúdo.

ASESORIA BIEITO S.L.